

<b>Rama de coñecemento</b>	Arte e humanidades
<b>Prazas ofertadas</b>	10
<b>Créditos ECTS totais</b>	60
<b>Créditos ECTS do traballo de fin de mestrado</b>	12
<b>Presencialidade</b>	Semipresencial
<b>Universidades participantes</b>	Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo

## Descrición

O Máster interuniversitario en estudos ingleses avanzados e as súas aplicacións reúne os estudos de lingua, literatura e cultura dos países anglófonos nas tres universidades galegas (UDC, USC e UVigo) e ofrece formación avanzada en temas importantes neste campo de estudo. Trátase dun programa de 60 créditos ECTS de carácter semipresencial, xa que combina ensino presencial (14 horas por materia) e traballo en liña e autónomo. O primeiro cuatrimestre consta de oito materias obrigatorias e o segundo de seis materias máis, e elixírase entre dous itinerarios: un de especialización en Lingüística e outro en Literatura e cultura. O programa complétase cun período de prácticas en distintas empresas e institucións (6 ECTS) e un traballo de investigación (12 ECTS).

## Perfil de ingreso recomendado

Terán acceso ao programa de forma preferente as persoas que acrediten estar en posesión dun título de Licenciatura en Filoloxía Inglesa ou Grao en Estudos Ingleses: Lingua, Literatura e Cultura, en Linguas Estranxeiras ou similar.

Terá posibilidade de acceder tamén ao programa quen acredite estar en posesión dun título equivalente a licenciatura ou grao en estudos de carácter lingüístico ou literario, de tradución e interpretación, ou estudos relacionados coas humanidades e ciencias sociais, e acrediten ter coñecementos avanzados de inglés escrito e falado (equivalente ao nivel C1 do Marco común europeo de referencias para as linguas).

Lingua de traballo: pola especificidade dos contidos do programa, a lingua de traballo nas distintas materias e no traballo de fin de mestrado será o inglés.

## Saídas profesionais

Investigación, docencia, asesoría lingüística, institucións e empresas culturais. Este mestrado facilítalle ao alumnado o acceso ao Programa interuniversitario de doutoramento en estudos ingleses avanzados, organizado tamén polas tres universidades galegas.

## Máis información

Coordinador	Jorge Figueroa Dorrego
Páxina web do mestrado	<a href="http://www.imaes.eu/">http://www.imaes.eu/</a>
Páxina web do centro	<a href="http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Centros/vigo/lagoas_marcosende/fac_filoloxia_traduccion.html">http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Centros/vigo/lagoas_marcosende/fac_filoloxia_traduccion.html</a>
Código RUCT	4314355
Enlace ao RUCT	<a href="https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&amp;codigoTipo=M&amp;CodigoEstudio=4314355&amp;actual=estudios">https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&amp;codigoTipo=M&amp;CodigoEstudio=4314355&amp;actual=estudios</a>
Teléfono	986 812 084
Enderezo postal	Facultade de Filoloxía e Tradución Campus de Vigo As Lagoas, Marcosende, s/n 36310 Vigo